



Decembro do 2025

2025: 12 meses de sensibilización en prol da IGUALDADE NO EIDO LABORAL

CONCILIACIÓN

Conciliar a vida persoal, familiar e laboral supón a posibilidade de desenvolver unha carreira profesional satisfactoria, aproveitar as oportunidades de lecer, ter un papel activo na sociedade ao tempo que se exercen os coidados do fogar e da familia. É gozar, en definitiva, dunha vida plena, equilibrada e sen discriminación.

Ata hai ben pouco, entendíase que só afectaba ás mulleres por seren elas sobre quen recaían as responsabilidades dos coidados e as tarefas domésticas, segundo a interpretación de roles de xénero que lles outorga a sociedade tradicional.

Repercute directamente na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, pois cando elas comezaron a incorporarse ao mercado de traballo non se deu unha distribución equitativa de parte desas responsabilidades familiares e do fogar nos homes, o que implica peores condicións laborais e fendas no salario para as mulleres. Así, a loita en prol da igualdade salarial promove unha cultura máis equitativa tamén no eido da conciliación, porque se os salarios son iguais, será máis doado que a conciliación non recaia sobre as mulleres. A práctica consolidada de que as mulleres reduzan ou deixen o seu traballo pola necesidade de coidar está detrás da inferioridade dos seus salarios, pois a renuncia ao salario máis baixo parece a decisión máis razoable na procura dunha menor perda na economía familiar.

Nas políticas públicas, a conciliación representa o propósito de transformar a desigual distribución das tarefas domésticas e de coidados socialmente asignadas ás mulleres, impulsando accións que, desde o mundo empresarial, favorezan a distensión entre o traballo, a vida persoal e a familiar. Pero, para materializar esa construción de espazos laborais en igualdade entre mulleres e homes, tense que complementar con actuacións específicas de promoción da corresponsabilidade.

Corresponsabilidade. Defínese como a repartición equitativa ou a asunción equilibrada das responsabilidades domésticas e de coidado do fogar entre mulleres e homes, potenciando a participación dos homes nelas.

A perspectiva de xénero comprende que isto debe ser unha demanda a todos os homes, pero tamén aos poderes públicos e ás empresas, porque só se os homes se incorporan en igualdade de condicións na repartición da economía dos coidados, poderán participar totalmente as mulleres na vida laboral, de lecer e pública, isto é, poderán realmente conciliar.

Co financiamento de:



Así, a corresponsabilidade consiste nun cambio de paradigma, con campañas de transformación cultural que promovan a redefinición dos roles, desde unha óptica igualitaria que rompe coa tradición de xénero, compartindo democraticamente e sen discriminación ningunha os espazos laborais.

A finalidade da corresponsabilidade é que se naturalice no imaxinario colectivo laboral a necesidade de traballadoras e traballadores de acollerse por igual aos dereitos de conciliación recoñecidos para ambos, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio. A vertente social da corresponsabilidade reside na participación e apoio dos coidados desde as Administracións públicas, a través de sistemas de soporte específicos.

Así é que, desde CCOO, levamos anos loitando polo asinamento dun pacto estatal polos coidados.

Economía dos coidados. Representa o traballo non remunerado (nin recoñecido) que se realiza no fogar (mantemento da vivenda —limpeza, alimentación, etc.—, coidados a outras persoas da unidade familiar ou da comunidade, compaxinando isto con parte do traballo remunerado que sostén esa unidade familiar).

Os roles de xénero e a distribución que fan dos tempos explican a concentración das mulleres nas actividades do coidado, coa súa consecuente menor e peor participación no mercado de traballo. A estratexia de cambio cultural debe eliminar os estereotipos da división sexual do traballo asentada na organización patriarcal, segundo a cal a faceta dos coidados é inherente ás mulleres e menospreza e oculta a importancia social da economía dos coidados. A estratexia máis potente que podemos empregar é a educación das xeracións máis novas, pero tamén a desaprendizaxe dos roles discriminatorios de xénero; para isto é imprescindible que mulleres e homes se impliquen por igual nos coidados familiares (tanto de menores, onde semella que está habendo unha evolución lenta pero constante, como de maiores e dependentes).